

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL SAN SADURNIÑO

Modificación de Ordenanza Fiscal nº 20

A N U N C I O

Aprobación definitiva de modificación da Ordenanza fiscal nº 20.

O Pleno deste Concello, en sesión celebrada o 1 de marzo de 2014, aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal nº 20, reguladora da Taxa por tramitación de documentos urbanísticos, o que se fixo público durante o prazo de trinta días, contados desde o seguinte ó da publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia nº 49, do 13/03/14, sen que se presentase reclamación ou suxerencia algunha, enténdese definitivamente adoptado o acordo provisional sen necesidade de novo acordo plenario, publicándose en consecuencia o texto completo desa norma, que é o seguinte:

“ORDENANZA FISCAL Nº 20 REGULADORA DA TAXA POLA TRAMITACIÓN DE EXPEDIENTES URBANÍSTICOS

Artigo 1º.- Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e polo artigo 106 da Lei 7/1985 Reguladora das bases de réxime local, e de conformidade cos artigos 15 ao 19 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de San Sadurniño establece a taxa pola tramitación de expedientes urbanísticos, que se regulará pola presente ordenanza fiscal segundo o previsto no art. 57 do devandito Real Decreto.

Artigo 2º.- Feito imponible

a) Constitúe o feito imponible da taxa a actividade municipal, técnica e administrativa realizada para verificar se os actos de edificación e uso do solo e subsolo suxeitos a licenza municipal ou comunicación previa a que se refiren os artigos 194 a 198 da Lei 9/2002, do 30 de decembro (LOUGA), están de acordo coas normas urbanísticas e de edificación previstas na citada lei e na normativa urbanística do Concello de San Sadurniño.

b) En particular, estarán suxeitas a licenza municipal previa ou a comunicación previa os seguintes actos de edificación e uso do solo:

- a. Segregacións, parcelacións ou división de parcelas
- b. Licenzas e autorizacións de instalacións
- c. Cambios de titularidade e nome de licenzas de obra e apertura, así como modificación de uso de locais e edificios
- d. Colocación de terrazas, quioscos e carteis de publicidade visibles dende a vía pública
- e. Tramitación de instrumentos de xestión
- f. Licenza para a construción, modificación de estruturas, modificacións da distribución interior ou aspecto exterior das edificacións, así como toda índole de reforma, renovación e rehabilitación de edificacións
- g. Demolición de construcións
- h. Declaración de ruína
- i. Primeira ocupación de edificios
- j. Prórrogas de prazos inicialmente acordados
- k. Calquera outro esixido pola normativa urbanística

Artigo 3º.- Suxeito pasivo e obriga de contribuír

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que sexan solicitantes da licenza ou servizo ou presenten a comunicación previa, ou que executen as construcións, instalacións ou obras sen obtiren previamente a licenza preceptiva ou presentaren a preceptiva comunicación previa.

2. Terán a consideración de persoas substitutas da contribuínte nas taxas establecidas pola tramitación dos expedientes urbanísticos as persoas construtoras e contratistas de obras, de conformidade co previsto no artigo 23.2.b) do RDL 2/2004, do 5 de marzo.

3. A obriga de contribuír nacerá no momento de comezar a prestación do servizo, que ten lugar dende que se formula a solicitude da preceptiva licenza ou se presenta a comunicación previa, ou dende que o Concello realice as iniciais actuacións conducentes a verificar se é ou non autorizable a obra, instalación, modificación do uso dos edificios que se efectuase sen a obtención previa a correspondente licenza ou presentación da comunicación previa. A obriga de contribuír non se verá afectada nin modificada por:

- Que se denegue a licenza
- Que se conceda a licenza pero con modificacións respecto da solicitude
- Que a persoa solicitante renuncie ou desista da súa solicitude ou comunicación previa
- Que se resolva o expediente polas normas que regulan o silencio administrativo positivo

Artigo 4º.- Responsables

1. Responderán solidariamente da débeda tributaria, as persoas ou entidades a que se refire o art. 42 da Lei xeral tributaria.

2. Serán responsables subsidiarias as persoas administradoras das sociedades e os síndicos/as, interventores/as ou liquidadores/as de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º.- Base imponible

1. Constitúe a base imponible da taxa:

a. O custo real e efectivo da obra civil, cando se trate de movementos de terra, obras de nova planta ou menores, modificación de estruturas ou aspecto exterior das edificacións existentes

b. O valor que teñan sinalados os terreos e construcións a efectos do Imposto sobre bens inmobles cando se trate doutros feitos impositivos, como por exemplo, as modificacións do uso de edificios, segregacións, parcelacións, demolición de construcións e outros

c. A superficie dos carteis de publicidade visibles dende a vía pública, expresada en metros cadrados

d. A prestación de servizos urbanísticos nos outros casos

2. Do custo sinalado nas letras a) e b) do número anterior, exclúese o correspondente á maquinaria e instalacións industriais e mecánicas. Para determinar o custo real das obras do apartado a) estarase ao disposto na ordenanza fiscal reguladora do ICIO.

Artigo 6º.- Cota tributaria

1. As taxas pola tramitación de cada un dos expedientes son as seguintes:

a. Para as licenzas de obras, tanto maiores coma menores, e para as comunicacións previas preceptivas segundo os artigos 194 e seguintes da Lei 9/2002, que non estean expresamente recollidas noutro apartado desta ordenanza será aplicable o 0,50% do P.E.M., establecéndose un mínimo de 12,00 € por cada expediente que se tramite

b. Expediente de declaración de ruína de edificios: 60,00 €.

c. Consultas previas, informes, certificados ou cédulas urbanísticas:

· Certificacións urbanísticas: 20,00 €

· Informes xurídicos: 20,00 €

· Informes técnicos: 20,00 €

· Certificados de antigüidade da vivenda: 20,00 €

d. Licenzas e autorizacións para a segregación, parcelación, regularización de parcelas ou división de parcelas, por cada parcela resultante: 18,00 €

e. Licenzas ou comunicacións previas para movementos de terras: 60,00 €

f. Licenzas ou comunicacións previas para a instalación de carteis publicitarios: 20,00 € para superficies inferiores a 1 m² e 40,00 € para os que superen esa medida

g. Licenzas de primeira ocupación: 60,00 € en vivendas unifamiliares

h. Por concesión de prórrogas dos prazos iniciais: 12,00 €

i. Sinalización de aliñación e rasantes: 20,00 €

2. Cando o que se solicite sexa unha revisión dun expediente en tramitación por cambios substanciais no obxecto inicial pretendido, e provoque a repetición de trámites xa realizados, a taxa será a mesma que a que corresponde a un novo.

3. Estas taxas incrementaranse anualmente segundo o dato IPC aprobado oficialmente.

Artigo 7º.- Exencións

1. No suposto das obras de rehabilitación interior de vivendas ou de reforma de locais con destino a actividades comerciais gozarán de exención subxectiva aqueles contribuíntes que acrediten no momento da solicitude estaren en situación legal de desemprego e non teñan ingresos anuais computables superiores ao IPREM vixente en cada momento e referido a toda a unidade familiar.

2. Gozarán dunha exención xeral subxectiva aquelas persoas contribuíntes que teñan ingresos anuais inferiores ao salario mínimo interprofesional vixente en cada momento e referido a toda a unidade familiar.

3. Estas exencións deberán ser solicitadas pola persoa interesada no momento da solicitude do oportuno instrumento urbanístico e acreditadas no mesmo, e serán resoltas pola Xunta de Goberno Local.

Artigo 8º.- Obriga de pagamento

1. Xorde a obriga de contribuír cando se comece a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible. A estes efectos, entenderase comezada a devandita actividade na data de presentación da oportuna solicitude ou comunicación previa, se o suxeito pasivo a formulase expresamente.

2. Cando as obras se iniciasen ou executasen sen obter a oportuna licenza ou sen presentar a comunicación previa, a taxa establecerase cando comece a actividade municipal conducente a determinar se a obra en cuestión é ou non conforme coa legalidade urbanística.

3. A obriga de contribuír, unha vez xurdida, non se verá afectada de ningún xeito pola denegación da licenza solicitada nin pola renuncia ou desistimento da persoa solicitante unha vez concedida a licenza.

Artigo 9º.- Normas de xestión e réxime de ingreso

1. As persoas interesadas na obtención dunha licenza de obras ou urbanística ou na realización de obras que requiran comunicación previa virán obrigadas a presentar no Rexistro xeral do Concello a oportuna solicitude, acompañando, no seu caso, o proxecto visado polo Colexio oficial respectivo, e especificando a natureza da obra, o lugar de emprazamento, o importe estimado da mesma, as medicións e o destino, e en todo caso, os documentos indicados no artigo 194 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

2. Se despois de formulada a solicitude de licenza ou a comunicación previa se modificase ou ampliase o seu obxecto, deberá poñerse en coñecemento da Administración municipal, acompañando o novo orzamento ou o reformado e, no seu caso, o proxecto, os planos e as memorias da modificación da ampliación.

3. Segundo o indicado no artigo 17.3 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia, será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, dunha copia autorizada da licenza municipal. Nas obras maiores, ademais será necesaria a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos do persoal técnico director e da persoa contratista, a ordenanza que se aplica, os usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

4. A taxa esixirase en réxime de autoliquidación, xustificándose o aboamento nas oficinas municipais no momento da presentación da solicitude de expedición do documento ou inicio do expediente ou a comunicación previa, ou unha vez determinado o importe da base imponible por parte dos servizos técnicos municipais, cando sexa preciso.

Nos casos de expedientes iniciados ou documentos expedidos de oficio, a taxa esixirase no momento da notificación ou entrega da documentación á persoa interesada. Ningunha actuación do Concello pola que se faga obrigada a presente taxa sortirá efecto mentres non se realizase o abono correspondente.

5. As solicitudes recibidas polos medios sinalados nos epígrafes b), c), d) e e) do apartado 4 do artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, nas que non se xustifique o pagamento da presente taxa, serán admitidas provisionalmente, pero non se lles poderá dar curso sen que se emende esa deficiencia. A tal finalidade, requirirase á persoa interesada para que, no prazo de dez días, aboe a cota correspondente, coa indicación de que, en caso de non o facer, se lle terá por desistido na súa petición, arquivándose sen máis trámite, de conformidade co establecido no artigo 71.1 da referida Lei 30/1992.

Artigo 10º.- Infraccións e sancións

Será aplicable o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria e a súa normativa de desenvolvemento, segundo o mandato do art. 11 do RDL 2/2004.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Para o non previsto nesta ordenanza fiscal estarase ao disposto no texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, Lei xeral tributaria e disposicións concordantes.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día seguinte ó da publicación definitiva no BOP, e comezará a aplicarse a partir da dita data, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

San Sadurniño, 23 de abril de 2014.

O ALCALDE,

Secundino García Casal.

2014/4646